

Galego no ensino / Galego na sociedade

Antón Costa Rico

Indudábelmente, a democracia e a cultura son en Galicia palancas que impulsan a normalización da lingua galega.

Foi esta xa unha experiencia vivida en distinto modo durante a II República e ao longo da "longa noite de pedra", momento no que palideceu toda manifestación destinada a "desfolklorizar" o uso da lingua galega.

E na actualidade unha experiencia renovada. A democratización da sociedade galega conleva unha maior participación social, un maior clima de respecto, a emerxencia do complexo de reivindicacións galegas... e por esta canle o uso social do galego penetra distintos lugares do noso entramado social, a pesar dos constantes freos apostos a esta presión galeguizadora, que aínda non é efectivamente, o forte que debera ser. Freos que a miúdo son exercicios de ritualización, como en moitos casos e no campo do ensino puido ou pode estar ocorrendo coa celebración do Día das Letras Galegas.

Existe ritualización cando pomposamente se celebra tal Día nun centro educativo, que mentras tanto permanece no resto dos días alonxado cognitiva e socio-afectivamente do contexto problemático e experiencial galego.

Máis esta práctica está paulatinamente deixando paso a aquela outra de tendencia normalizadora e que fai do Día das Letras Galegas un momento simbólico do calendario escolar anual a prol da construción dunha educación normalizada desde o punto de vista do uso da lingua galega.

E isto está a ser así, en efecto, porque —dicíamos— en Galicia a democracia, a elevación cultural e a normalización do galego camiñan ao rente.

O camiño percorrido nestes dez últimos anos a prol da normalización do galego na nosa sociedade e particularmente no eido do ensino é notable; de avance, anque pedregoso.

E neste senso temos dado tamén un paso colectivo, xurídico e formal de grande importancia ao ter aprobado a Lei de normalización lingüística. A pesar das súas feblezas estamos —hai que dicilo— ante un texto similar ao catalán, no que toca especificamente a normalización no ensino. Con el os cataláns están a dar pasos extraordinarios a prol da normalización da súa lingua, tanto nos diversos usos sociais como no ensino. E quere elo dicir que con similar lexislación aquí tamén os poderíamos dar.

Nesta procura o que sí e certo e que precisamos dunha maior decisión dos distintos sectores sociais. Urxenos, do punto de vista político, maior empeño e coherencia unha lexislación regulamentaria favorecedora da planificación lingüística para a normalización do galego na sociedade e por elo tamén na escola, o favorecemento da edición de libros e materiais didácticos de apoio a este proceso de formación do profesorado.

Os centros escolares a través dos seus Consello Escolares e tanto seían centros públicos

como privados, centros urbanos ou non urbanos, con nenos maioritariamente galego-falantes ou maioritariamente castelán-falantes, deben definir cada ano ademais do cumprimento da lexislación xeral para a normalización do ensino, os pasos, as medidas e as iniciativas a poñer en marcha en cada caso para que o cumprimento da lexislación seña posíbel e para avanzar sempre e sen freos pola canle normalizadora.

Os claustros de profesores, as APAS, os estudantes, deberán pois debater a cuestión e crear climas propicios de diálogo e de consenso para esa normalización en proceso.

En definitiva a normalización do galego é unha cuestión de toda a sociedade. Na medida que avance socialmente avanzará tamén no ensino. En canto tome forza nos centros educativos incidirá, a súa volta, no social. E algo que, neste senso, non afecta so aos profesores de galego, aos pais con fillos en período educativo, ou a Dirección Xeral de Política Lingüística. Non hai sectores da sociedade que escapen á evidencia de se ter que plantexar como incorporarse a ese proceso gozoso e feliz socialmente que deber ser a recuperación social do galego como lingua vehicular e de instalación dos galegos e como sinal máximo da nosa identidade cultural.

Aos mestres do medio rural

Con este son dous os números adicados ao idioma, dada a proximidade do Día das Letras Galegas, que había que celebrar e desmitificar ao mesmo tempo. "O galego é unha lingua útil" e "galego no ensino/galego na sociedade" contribúen a ese obxectivo. Pero hai outros problemas na escola galega que teñen tanta importancia coma o do idioma; por exemplo: o progresivo empobrecemento do servizo educativo no medio rural e as escasas perspectivas de transformación desa dinámica que nos ofrece a "reforma do ensino que está a debate".

Se hai algún problema que debe manter unido ao maxisterio e á sociedade galega é a loita por un **modelo de escola rural axeitado á nosa realidade** e favorecedor dun desenrolo integral no mundo rural. Digo **maxisterio unido**, posto que o modelo alternativo de zonización xa elaborado depende para a súa defensa e posta en marcha, da existencia dun sólido **movemento de ensinantes no rural**, do que formen parte todos e que serva como canle de comunicación entre a comunidade escolar e a administración.

Neste camiño xa se leva moito andado, noutras comunidades autónomas, nas que se pode pasar xa a un segundo nivel de negociacións concretas sobre medidas e solucións ás demandas de calidade da escola rural. En Galicia escomezamos: Ven de constituirse un **Secretariado Galego** de mestres do rural, encargado de

artellar, por enriba das diferencias políticas, un movemento que elabore e debata a viabilidade de alternativas para a nosa realidade concreta.

Catalunya é unha das comunidades que ten avanzado moito neste terreo, e para relatar-nos a súa experiencia, entrevistámonos con Xosé Baluja Barreiro, mestre galego destinado en Vilarronda, que forma parte do Secretariado Catalán de Escola Rural. Os seus análises presentámoslos na páxina terceira.

En números vindeiros, e ata o 5 de xuño (Día do Medio Ambiente) daremos cabida a fondas reflexións que xa temos recibidas e a experiencias que podades aportar os mestres do noso entorno. "A Escola Rural Galega", por D. Avelino Pousa Antelo; "Educación ambiental extraescolar" por María Xosé Mosquera; "Modelo alternativo de intervención social no medio rural", por Marco Marchioni; "Experiencias de hortas escolares, de itinerarios naturais..." e outras que se teñan realizado no noso medio escolar.



X.M. Cid Fernández



LOGO DIRASE QUE ENFERMAN PORQUE É INVERNO.

As escolas
de Ourense

“Roxelio García Yáñez”, de Ramirás, un colexio que presume de que “todo está ben”



Pouco máis de seis anos conta o colexio público de Ramirás-Picouto “Roxelio García Yáñez”, nome posto en lembranza da persoa que en 1936 construíu o vello colexio do lugar (con tres aulas), que tiña o nome de “Concepción Yáñez”, dona do constructor. Roxelio García, que finou pouco despois da inauguración do primeiro centro escolar, construíu tamén o Concello, o Cuartel e o campo da feira. Na actualidade, o vello colexio é a casa do director.

Relata Xulio Conde Ansias, actual director do centro escolar de Ramirás, que cando a banda de música local estaba a interpretar o Himno de Riego —o himno da República—, en Ourense estaban començando a saír ás rúas as forzas militares alzadas contra o Goberno no 36”. O nome de “Roxelio García Yáñez” foi proposto polo propio director ao alcalde de Ramirás cando se ía inaugurar o centro escolar, como homenaxe a aquel emigrante que tanto tiña feito polo povo.

Na actualidade estudan no colexio uns 200 rapaces, de 4 a 15 anos, ou o que é o mesmo, de preescolar e EXB. Dez profesores atenden as dez unidades existentes (unha de preescolar; outra de educación especial; e oito de EXB). Ademais conta o colexio cun laboratorio, biblioteca e sá de pretenoloxía, o que antes se chamaba, sinxela e directamente, traballos manuais.

“Todo está ben”

Cando se lles pregunta a todos, tanto profesores como director, qué cousas se poden salientar no centro, ao unísono, dín que todo está ben. Presumen, en primeiro lugar, dun laboratorio “que realmente funciona, xa que a Delegación mandou cinco equipos completos, con todos os elementos, e os rapaces fan uso do mesmo a cotío”; manteñen que “o laboratorio non é nada fora do normal, pero o importante é que se usa”; o mesmo pasa coa sá de traballos manuais, na que están montados todos os utensilios necesarios para as diversas actividades. Polo que se refire á biblioteca, “temos uns 1.700 volumes, e os rapaces fan verdadeiras colas para coller os libros que desexan”; comentan que “algún que outro libro falta, porque algún rapaz colleu e se esquece logo de voltalo ao seu lugar, nunca con mala intención”. Tamén presumen dun periódico escolar que realizan os nenos, dirixidos e coordinados polos propios profesores. “Antes

editábase trimestralmente, mais agora é anual, debido ao tempo que ocupa e tamén aos gastos que orixina”. As actividades extraescolares ocupan unha parte da vida dos rapaces; nestes días, a dirección anda na percura dunha axuda económica para poder publicar un traballo xeográfico-económico do Concello, realizado polos propios nenos, “e que segundo din os entendidos que o viron, é un traballo moi serio”. O problema para a súa publicación e, unha vez máis, o económico, “e por isto, pediremos axuda á Deputación, Concello e caixas de aforros”. Manteñen os mestres que “o traballo xa o viu a alcaldesa, Pilar López, e dixo que estaba disposta a axudar, e decía de ir falar con Anselmo López Moráis, delegado de Cultura para ver qué se podía facer”.

Dos traballos realizados até o momento, Xulio Conde dí que do que máis orgullos están é do desenrolado, hai dous anos, no certame cultural de Caixa Ourense, no que acadaron o primeiro posto a nivel provincial. Tamén dos primeiros

postos acadados no certame da Caixa Rural e da redacción encol dos símbolos de Galicia, organizado pola Deputación. Todos estes premios, ademais dos agasallos para os rapaces, repercutiron no colexio nunhas 350 mil pesetas, que de novo se gastaron en actividades extraescolares.

Suliñan os mestres do “Roxelio García Yáñez” a “super atención que o Concello presta ao colexio, xa que, ademais de pagar uns profesores para dramatización e música, axudan ás excursións, regalan lotes de libros para a biblioteca, están pendentes da calefacción, etc., polo que hai que afirmar que as relacións son moi boas”.

Necesidades


En vías de solución atópase unha necesidade que constituía un verdadeiro problema para os rapaces que acuden ao centro a clases, que non é outro máis que o transporte escolar. “Na actualidade hai un transporte que ten que dobrar, porque primeiro ven de Escudeiras ao colexio, deixa aos nenos e volta por máis a Ver, o que conleva que os rapaces que primeiro chegan teñan que esperar unha hora polos demais; hai outro autobús que fai Freás-colexio. Esta situación, que era un problema, a partir do próximo curso desaparece, xa que está concedido que xunto aos dous autobuses, haxa un máis, polo que os tres chegarán ao mesmo tempo e os nenos non terán que estar moito antes no colexio”.

O ximnasio pénsase cubrir neste vindeiro curso, “e logo pecharase, polo que o convertiremos nun verdadeiro polideportivo”. Por este motivo, din que necesitan material de deportes para todos os nenos. Falta tamén cimentar o patio de recreo, para o que pedirán axuda a Deputación, Concello e Delegación.

“Participan os pais”

Xulio Conde comenta que non existe Asociación de Pais de Alumnos (APA), “pero funciona perfectamente o Consello Escolar; a relación entre o colexio e os pais, ou viceversa, é sempre de colaboración, e nunca houbo ningún problema”. Proba desta colaboración e interese dos pais é que, segundo comentan todos os profesores, “cada vez que os convocamos a unha reunión, asiste practicamente o 90% deles, cifra que practicamente reflexa que todos os pais participan nas actividades”.

Xosé Lois Carrión



Propostas e peticións

Carta ó señor Suárez Vence (Conselleiro de Educación)

Señor Suárez Vence:

Somos alumnos do colexio público de prácticas de Ourense, e queremos suxerir, que o idioma galego sexa empregado na escola non só como asignatura que hai que aprobar, senón coma lingua que debemos falar.

É preocupante ver que o galego como asignatura ten menos credibilidade que outras linguas estranxeiras. Por eso pedímoslle que promociónen o galego como o que é, o noso idioma, non unha asignatura mais.

O galego debe ser o camiño que nos leve a identificarnos coa nosa terra, para que ningún

galego sinta vergoña da súa patria estea onde estea. Isto non debe ser impedimento para relacionarse con outras rexións que podan axudar ó desenrolo de Galicia.

Para conseguir esto hai que empezar dende a base, e a base está nas escolas. E nós ó falar dende unha escola podemos decir que non se está facendo, ou polo menos non da forma adecuada. Ó impor o galego, a maioría dos alumnos colléronlle a manía e o rechazo que os estudantes senten polas súas adignaturas.

E con esto despedímonos de vostede desexando que esta carta lle sirva para algo.

Carta os medios de comunicación en Galicia

Aos señores directores dos medios de comunicación galegos:

Os medios de comunicación galegos, que moitas veces, por exemplo na TVG poñen filmes e anuncios en castelán.

Nos diarios galegos non falan "nada" en galego, nin siquiera a parte que toca a temas galegos.


Nas esquinas a xente de fora de Galicia fannas en español, cando realmente deberían facelas en galego e ter un traductor ou poñelo subtulado; nos filmes e anuncios deberían facer algo polo estilo.

Os medios coma xornais galegos adican moi pouco espacio escrito en galego e poñen pouco pola súa parte para mellorar isto.

A maioría das radios galegas, por non dicir todas, os seus locutores falan en español. En Cataluña case todas as radios catalanas, os seus locutores falan en catalán, os galegos deberíamos de facer o mesmo, así fomentariámola fala do galego na nosa xente; nos se non nos falan galego, raras veces o falaríamos, e se todos os medios de comunicación falasen en galego, todos nos fariámolo mesmo e o falaríamos con toda normalidade.

Este traballo fixemolo dous alumnos do Colexio Público de Prácticas de oitavo de EXB.
Francisco Fernández Lorenzo, 8º A
José Ramón Carvajales Pazos, 8º A

*¿Ti estás cos de antes ou cos d'agora?
—
—
En estouche cos de despois*



Propoñer actividades pra un ano enteiro "As Letras Galegas"

Polo menos saír un día na semana a un pobo distinto, nel ver as costumes, natureza, etc..., comparar os pobos.

—Coñecer e estudar as figuras máis representativas, comparalas cas casteláns.

—Facer estadísticas e comprobar si se lée mais en galego que en castelán.

—Na escola facer una prensa en galego.

—Traer a escola xentes dos pobos e que nos fale sobre: Do seu traballo.

—Construir un grupo teatral, que vaia polos pobos facendo representacións.

—Facer un anticuario con cousas dos nosos antepasados.

—Podese ir o pobo e estudar os nomes que se lle dan as prantas.

—Investigar no pobo a súa economía: de que viven, os sistemas de medida, as feiras que fan, a compra-venta de produtos, etc.

—Estudiar os restos arquitectónicos que haxa nos pobos o estilo artístico o que pertencen etc.


—Estudiar os distintos modos de cultivo da terra.

—Estudiar o clima (con gráficas), etc.

—Facer un estudio dos elementos que compoñen o chan (rocas, areas).

—Estudiar a música popular galega, cos distintos bailes.

Cousas da vida



— Non estudies. Faite político e podes chegar a Ministro de Instrucción pública...

TIRA O galego, dous días despois

A mesa era grande, pero os tres estaban apiñados nunha esquina.

—¡Non hai sitio! ¡Non hai sitio! —berraron cando viron vir a Alicia.

—Sitio hai abondo! —dixo Alicia indignada, e arrepanchigouse nunha gran cadeira de brazos, na testeira da mesa.

Lewis Carrol: Alicia no País das Maravillas

CHegou o mes de maio. E, como cada ano, assistiremos ós ritos con que a sociedade galega tenta lava-la súa mala conciencia con relación á lingua. Porque estes días vai haber de todo: festas nas escolas, conmemoracións en vilas e cidades, representacións, discursos e que tal é que sei eu. Ata ha parecer que os que andamos coa teima de normaliza-la lingua non somos máis ca uns choróns. Porque, como dicimos iso, se todo o mundo anda a lle desexar unha longa vida ó galego e non hai máis que satisfacción por termos unha lingua tan... e...? (énchase con dos adxectivos máis cursis e rimbombantes que se lles ocorran). Xa verán como ata nos ha caer algunha portadiña de xornal toda escrita en galego. Portada que, xaora, habemos gardar coma ouro en pano, conscentes de que ata o ano que ven non catamos outra.

Pero ha chega-lo día despois. E habemos ver

como —igual que pasa no campo da festa despois do boureo— a realidade, máis gris, sen luces nin foguetes, ha volver ocupa-lo seu lugar. E nesta realidade habemos ver moitas cousas. Que o galego segue a se-la lingua cotián para un grande número de xente, inda que no teatro de tódolos días se esforcen en disfrazala coas roupas doutra. Que os medios de comunicación seguen empeñados en que non sabemos ler na nosa lingua e, preocupados por nós, un día sí e outro tamén, seguirán a traducir todo o que lles chegue en galego. Que existe unha Lei de Normalización que está no papel, agardando ser estreada, xa que polo de agora non pasa de ser un rosario de boas intencións. Que falta nos nosos gobernantes e vontade real de poñe-los medios para unha efectiva normalización da lingua. Que...

Mentres, nas escolas, lenta e teimudamente, o galego gaña terreo. Nalgunhas destas escolas a lingua florece e instálase alí, como Alicia, mentres que noutras é sentida como un *alien*, como un extraño incómodo do que se desexa intimamente que desapareza. Menos neste mes de maio, no que o galego gaña milleiros de afervoados simpatizantes. ¿Haberá algún ano en que este *alien* tozudo, ó que moitos se ven obrigados a lle dar cobexo por uns días, se instale definitivamente nas nosas casas, nas nosas escolas, na nosa vida?

Agustín Fernández Paz

Eduquemos para un deporte galego

O deporte evoluciona de xeito adecuado na nosa Comunidade. Isto ten reflexo no cúmeo das distintas modalidades deportivas, no cal é doado ollar a galegos dentro desa élite.

Os sentimentos de simpatía dos nosos nenos están trocando. A excelente traxectoria descrita polo Celta de Vigo atrae as miradas de tódolos cativos, que se sinten representados por él dentro do "coiropé". Pouco hai que engadir que non se teña dito do outo nivel do ciclismo galego. Agora que ven de rematá-la "Vuelta Ciclista a España", a nengún cativo lle pasou desapercibido o pundonor e o xenio dos Blanco Villar, sétimo clasificado na xeral, dos Alvaro Pino, oitavo e brillante gañador de dúas etapas

consecutivas, ou dos Manolo Carrera, vencedor dos sprints especiais.

Moitas seleccións de distintos deportes contan nas súas convocatorias con algún practicante formado na nosa Comunidade, baloncesto, fútbol, atletismo, xoquei, e un longo etc. O que sí convén reflexar é que os nenos galegos apoian, seguen e ven coma "ídolos" ós deportistas nados na Galiza, coma se desprende de calqueira con-versa con eles.

Tan só resta que exista unha meirande promoción e atención do deporte de base. Isto irá dirixido á creación ou acondicionamento das instalacións, ó maior interese dos dirixentes federativos, ó coidados das seccións inferiores dos clubs ou á mellora das actividades físico-deportivas nas escolas.

Cholo

OS NOSOS LIBROS A educación medio ambiental en EXB e EEMM

Carmen Sánchez Carrera

Edicións Xerais de Galicia, Colección Didáctica nº 1, Vigo, 1988

O obxectivo último desta obra é a sensibilización dos docentes acerca do deterioro progresivo que sofre o medio ambiente, nun contexto económico que só percura beneficios inmediatos, aínda que supoñan unha depredación sistémica do entorno tanto físico como social.

Ser conscentes deste problema debe levar necesariamente á incorporación no curriculum escolar dos presupostos, temas e actividades que forman parte da Educación Ambiental. E isto é o que constitúe o tema central do libro.

Dada a complexidade do medio físico e social, a autora defende que todas as áreas científicas teñen dalgunha maneira ao ambiente como referente da súa información e, polo tanto, dende todas as disciplinas podemos empregalo como lugar de aprendizaxe, fonte de contidos educativos, depósito de recursos didácticos e, sobre todo, como unha nova filosofía existencial: a conquista de modos de vida baixo parámetros de

calidade e a defensa do medio das agresións irreversíbeis.

Na obra apórtanse interesantes ideas acerca de cómo integrar a Educación Ambiental nos curriculums de básica e ensinos medios, tanto dun xeito global e interdisciplinar, como a través de actividades puntuais (saídas, conmemoración de efemérides, celebración de festas locais, etc.).

A autora ofrécenos, asimesmo, máis dun centenar de referencias bibliográficas bastante actualizadas, que permitirán aos lectores e lectoras profundizar no tema, se é este do seu interese.

Con esta obra inaugúrase a nova Colección Didáctica de Edicións Xerais, concebida como material de apoio para a formación do profesorado. O libro que comentamos é de lectura fácil, breve (90 páxinas) e económico (400 ptas.); elementos todos eles necesarios se se quere chegar a un número elevado de lectores.

Mercedes Suárez

NOVAS

Lexislación

1- Orde do 6 de abril de 1988 (DOG. 29 de abril de 1988) pola que se convocan, en comisión de servicios, prazas de profesores de Lingua e Literatura Galegas en diversos centros galegos de España e do estranxeiro.

2- No mesmo DOG e por decreto 91/1988, do 28 de abril, regúlanse os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario.

3- Convocadas axudas á produción editorial do libro en Galicia, por parte da Consellería de Cultura. Tense previsto un presuposto de 20 millóns a editores en lingua galega "normativizada". Os libros de carácter infantil poden baixar das 50 páxinas, namentras que os de carácter xeral terán como mínimo esa extensión.

4- Membros do grupo de traballo de "Imaxen na escola" participaron nun seminario sobre "o vídeo como rexistro de clases", celebrado días pasados en Alcalá de Henares. A súa aportación foi o vídeo didáctico, "Os rincóns de traballo en preescolar, realizado nun centro da nosa capital.

5- Novos recursos para Sociais

Vía Láctea ven de publicar materiais de **Creatividade para Ciencias Sociais**, dos que son autores Antón Rozas, Pilar Bernárdez, Eduardo M. Seco e Xosé Ramón López, do grupo de C. Sociais de Nova Escola Galega.

Presentado un libro sobre **Otero Pedrayo**, do que son autores Marcos Valcárcel e Xosé Ramón Quintana.

Creóuse o **Laboratorio Ourenán de Antropoloxía Social**, co obxectivo de impulsalos estudos antropolóxicos e sociais da provincia, que ten sede no **Colexio Universitario**. A súa actividade encétase coa publicación de dous cadernos monográficos dos que é autor Antonio Fidalgo Santamarina, profesor titular de Antropoloxía. Títulos: **Antropología de una parroquia rural**. (Premio Otero Pedrayo 1984) e **Cinco profesiones ambulantes ourensanas**.

NA ESCOLA

Suplemento do ensino de
La Región (Ourense).

Consello de pedagogos asesores:
Xosé Manuel Cid
(coordinador)
Mercedes Suárez Pazos
Mariló Candedo
Mercedes González Sánmamed
Xesús Rodríguez Jares
Calo Iglesias

Colabora:

Nova Escola Galega

Maqueta:

Departamento de deseño
de **La Región**.

A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

